

A Cámara asesorou no primeiro semestre de 2010 a 74 emprendedoras no marco do Programa de Apoio Empresarial á Muller

Desde que se puxo en marcha, en setembro de 2006, máis de trescentas mulleres beneficiáronse deste servizo

Ferrol. 04/08/2010. Os técnicos de creación de empresas da Cámara de Comercio de Ferrol asesoraron, nos seis primeiros meses de 2010, a un total de 74 mulleres que se dirixiron á entidade na procura de asesoramento para poñer en marcha o seu propio negocio. Esta cifra, que iguala a rexistrada en todo o ano 2009, ven a demostrar que, en tempo de crise, cobra forza a opción do autoemprego.

Os asesoramentos realizados enmárcanse no Programa de Apoio Empresarial á Muller (PAEM) que desenvolven as Cámaras de Comercio españolas a través dun convenio co Ministerio de Igualdade que acaba de prorrogarse por un ano máis.

O PAEM ten un dobre obxectivo: proporcionar información, asesoramento e orientación a mulleres emprendedoras, tanto de forma presencial como a través de Internet, e sensibilizar e formar en materia de igualdade no ámbito empresarial.

A Cámara de Ferrol adheriuse a este programa en setembro de 2006 e desde entón un total de 341 mulleres recibiron información e apoio para desenvolver os seus proxectos.

Deste xeito, a entidade mostrase como unha das máis activas de Galicia neste eido xa que, de acordo coas últimas estatísticas do PAEM, só a Cámara de Vigo, que atendeu este ano a 121 emprendedoras, situase por diante.

Segundo os datos do programa, a práctica totalidade das mulleres que acoden á Cámara ferrolá presentan proxectos relacionados co sector servizos. Nos primeiros postos sitúanse as actividades relacionadas co comercio polo miúdo (25%) e a hostalería (18%), seguidas polos centros de peiteado e estética (6,7%) e de atención á infancia (5,9%) tales como escolas infantís e ludotecas.

A continuación, figuran os servizos de limpeza e os de axuda a domicilio e para a terceira idade, que superan ambos os dous a porcentaxe do 4% das solicitudes de asesoramento presentadas polas mulleres.



Como se observa, trátase maioritariamente de campos de actividade considerados tradicionalmente "femininos". Por iso, para superar esta limitación, un dos retos do PAEM é apoiar as mulleres para crear empresas tanto en sectores emerxentes e relacionados coas novas tecnoloxías como noutros como o metal, a construción ou a enerxía nos que a súa presenza é moi reducida.

Tocante á formación que acreditan estas emprendedoras, máis do 35% realizaron estudos de formación profesional e nun 25 % dos casos pasaron pola universidade para cursar algunha diplomatura ou licenciatura.

Formación en igualdade

Ademais do labor de información e asesoramento o PAEM traballa para promover a igualdade no ámbito económico. Neste sentido, a Cámara de Comercio de Ferrol ten previsto desenvolver no vindeiro outono un seminario sobre este tema para favorecer a implantación de medidas e plans de igualdade nas empresas da súa demarcación.

